

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ORDE do 11 de marzo de 2019 pola que se declara definitivamente o espazo natural de interese local Río Gafos (Pontevedra).

A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, recoñece os espazos naturais de interese local (ENIL) como unha das categorías en que se clasifican os espazos naturais protexidos. O artigo 17 desta lei establece que por petición dun concello e logo dos informes perceptivos pertinentes, a consellería competente en materia de conservación da natureza poderá declarar como espazos naturais de interese local aqueles espazos integrados no seu termo municipal que polas súas singularidades sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais.

A declaración dun espazo natural de interese local é competencia da consellería competente en materia de conservación da natureza, mentres que a responsabilidade e competencia da súa xestión será municipal. Así mesmo, a declaración dun espazo natural de interese local non comporta a súa inclusión na Rede galega de espazos naturais protexidos, nin implicará a asignación de recursos económicos da Xunta de Galicia para a súa xestión e conservación.

A regulación dos espazos naturais de interese local recollida na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, foi desenvolvida polo Decreto 124/2005, do 6 de maio, polo que se regula a figura do espazo natural de interese local e a do espazo privado de interese natural. O artigo 4 deste decreto recolle a posibilidade que ten a consellería competente en materia de conservación da natureza de declarar, de xeito provisional, un espazo natural de interese local por un prazo non superior a dous anos, en que os promotores deben presentar, dentro do prazo, como requisito imprescindible para a declaración do espazo natural de interese local, o seu plan de conservación.

Mediante a Orde do 25 de novembro de 2013 declarouse, de xeito provisional, o espazo natural de interese local Río Gafos (DOG núm. 236, do 11 de decembro), localizado no concello de Pontevedra.

Durante a declaración provisional, e como requisito imprescindible para a súa declaración definitiva, o Concello de Pontevedra debía presentar ante a consellería competente o plan de conservación do espazo, o que realizou o día 19 de novembro de 2015.

O plan de conservación presentado é conforme cos contidos mínimos referidos no artigo 38 da lei, desenvolvidos polo Decreto 124/2005, do 6 de maio, que establece o réxime



de uso e as actividades permisibles, así como as limitacións que se consideren necesarias para a conservación do espazo, polo que, tras a realización dos trámites referidos, se elevará ao Consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación mediante decreto, en cumprimento do artigo 40 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.

A presente orde ten por obxecto declarar, de xeito definitivo, o lugar do Río Gafos, no concello de Pontevedra, como espazo natural de interese local, unha vez constatadas as singularidades que presenta este espazo natural, que o fan merecente da protección dos seus valores naturais e despois da presentación do correspondente plan de conservación.

Polo exposto, no uso das atribucións que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Primeiro. *Declaración definitiva do Río Gafos como espazo natural de interese local*

Declárase como espazo natural de interese local o espazo do Río Gafos, no concello de Pontevedra, por proposta deste Concello.

Segundo. *Límites*

A extensión e límites do espazo natural de interese local do Río Gafos son os sinalados no anexo desta orde.

Terceiro. *Xestión*

Será responsabilidade e competencia do Concello de Pontevedra a xestión do espazo natural do Río Gafos, de acordo co plan de conservación aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.

Cuarto. *Efectos*

1. A declaración definitiva do Río Gafos como espazo natural de interese local non comporta a súa inclusión na Rede galega de espazos naturais protexidos.

2. A declaración definitiva do Río Gafos como espazo natural de interese local non implicará a asignación de recursos económicos da Xunta de Galicia para a súa xestión e conservación.

3. Con posterioridade á aprobación desta orde procederase á aprobación do correspondente plan de conservación, aprobación que deberá ser realizada polo Consello da Xunta



de Galicia, en cumprimento do artigo 40 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.

Quinto. *Extinción*

1. Mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de conservación da natureza poderase poñer fin para os efectos da declaración definitiva do Río Gafos como espazo natural de interese local se desapareceren as causas que motivaron a protección deste espazo e non foren susceptibles de recuperación ou restauración.

2. A consellería competente en materia de conservación da natureza poderá iniciar expediente para retirar a condición de espazo protexido no caso de que non se cumpran as finalidades de conservación recollidas na declaración do espazo ou se detecten desviacións importantes con respecto ao plan de conservación aprobado.

Sexto

Esta declaración terá efectos o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2019

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

ANEXO I

Límites do ENIL Río Gafos

1. O espazo natural de interese local Río Gafos localízase nas follas 185-II e 185-IV da cartografía 1:25.000 do Instituto Xeográfico Nacional e ocupa desde o límite co concello de Vilaboa, atravesando a parroquia de Tomeza, ata o comezo da senda fluvial na rúa Otero Pedraio, dentro do núcleo urbano de Pontevedra. O camiño portugués de Santiago discorre polo seu límite leste. Ten unha orientación sur-norte e atravesa un val largacío e moi chan cuxos límites son os seguintes:

N: limita ao norte coa rúa Ramón Otero Pedraio do núcleo urbano de Pontevedra.

S: limita ao sur coa parroquia de Santa Comba de Bértola do concello de Vilaboa.

L: limita ao leste coa parroquia de Tomeza.

O: limita ao oeste coa parroquia de Salcedo.




2. O límite coincide coas coordenadas dos vértices da poligonal abaixo establecida.

FID	X	Y	FID	X	Y	FID	X	Y
0	529934	4696320	53	530107	4694570	105	530275	4693740
1	529923	4696320	54	530117	4694560	106	530271	4693760
2	529946	4696240	55	530124	4694530	107	530246	4693770
3	529955	4696240	56	530139	4694460	108	530232	4693780
4	529960	4696270	57	530127	4694460	109	530224	4693790
5	530089	4696200	58	530104	4694460	110	530218	4693800
6	530094	4696140	59	530105	4694460	111	530218	4693810
7	530102	4696110	60	530075	4694440	112	530222	4693820
8	530029	4696110	61	530089	4694430	113	530221	4693840
9	530030	4696100	62	530149	4694430	114	530225	4693860
10	530104	4696100	63	530178	4694440	115	530225	4693880
11	530136	4696080	64	530197	4694420	116	530231	4693910
12	530147	4696050	65	530200	4694400	117	530228	4693910
13	530157	4696030	66	530204	4694370	118	530198	4693920
14	530121	4696020	67	530219	4694370	119	530168	4693930
15	530100	4695980	68	530221	4694360	120	530160	4693960
16	530126	4695960	69	530221	4694330	121	530165	4693990
17	530171	4695930	70	530237	4694270	122	530165	4694010
18	530176	4695880	71	530217	4694270	123	530171	4694040
19	530140	4695840	72	530216	4694260	124	530174	4694060
20	530134	4695840	73	530196	4694210	125	530179	4694080
21	530111	4695800	74	530203	4694140	126	530166	4694100
22	530117	4695790	75	530229	4694140	127	530148	4694110
23	530045	4695710	76	530233	4694140	128	530141	4694120
24	530050	4695700	77	530260	4694080	129	530135	4694140
25	530042	4695690	78	530256	4694040	130	530086	4694140
26	530071	4695660	79	530315	4693980	131	530057	4694130
27	530082	4695660	80	530339	4693950	132	530057	4694130
28	530099	4695660	81	530337	4693950	133	530012	4694300
29	530086	4695600	82	530323	4693930	134	529979	4694400
30	530083	4695530	83	530292	4693930	135	529935	4694540
31	530072	4695430	84	530287	4693940	136	529892	4694670
32	530067	4695380	85	530272	4693950	137	529873	4694740
33	530060	4695340	86	530272	4693940	138	529841	4694880
34	530083	4695320	87	530261	4693940	139	529822	4695000
35	530079	4695200	88	530266	4693910	140	529821	4695010
36	530073	4695200	89	530277	4693900	141	529816	4695060
37	530063	4695200	90	530312	4693900	142	529813	4695220
38	530063	4695180	91	530318	4693900	143	529827	4695420
39	530055	4695130	92	530325	4693850	144	529847	4695550
40	530058	4695060	93	530324	4693850	145	529886	4695760
41	530041	4695060	94	530325	4693840	146	529958	4696060
42	530042	4695020	95	530358	4693780	147	529998	4696100
43	530028	4695020	96	530396	4693750	148	529997	4696110
44	530026	4695020	97	530425	4693680	149	529939	4696100
45	530027	4694960	98	530294	4693650	150	529945	4696230
46	530035	4694880	99	530258	4693640	151	529912	4696310
47	530044	4694870	100	530253	4693650	152	529912	4696330
48	530090	4694840	101	530255	4693660	153	529923	4696350
49	530121	4694800	102	530263	4693670			
50	530115	4694780	103	530277	4693710			
51	530111	4694770	104	530273	4693720			
52	530109	4694670	105	530275	4693740			



3. Plano.



CVE-DOG: q0uhflv6-9es3-xsl3-3uj2-j6fqkebwvn92

